



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Bases e convocatoria para a provisión en réxime de duración determinada a tempo parcial dunha praza de docente para impartir a acción formativa operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrónicas e de telecomunicacións en edificios

Aprobación das bases e convocatoria para a provisión, en réxime de duración determinada a tempo parcial (6 horas/día) mediante un contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dunha praza de docente para impartir a acción formativa “Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrónicas e de telecomunicacións en edificios”, correspondente ao plan formativo para o emprego da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 e 2023 (2022/E001/000024).

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 3854/2022 de 20 de decembro de 2022 aprobáronse as bases e convocatoria para a provisión, en réxime de duración determinada mediante un contrato para mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, dunha praza de docente para impartir a acción formativa “Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrónicas e de telecomunicacións en edificios” correspondente ao plan formativo para o emprego da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2022 e 2023 (2ª convocatoria).

As bases están dispoñibles no taboleiro de edictos do concello de Carballo, e na páxina web do concello (www.carballo.gal).

O prazo de presentación de instancias é de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, faranse públicos no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Carballo, a 20 de decembro de 2022.

Alcade

Evencio Ferrero Rodríguez

2022/8122